

O obxectivo que se pretende é mellorar a tramitación dos partes de accidente de traballo para diminuír os erros máis frecuentes e incrementar a calidade da información do sistema Delt@

Puntos de especial interese para a mellora da calidade da información dos partes de accidente de traballo (PAT)

		Delt@ Declaración Electrónica de Trabajadores Accidentados	
Usuario:	En calidad de:		
Parte de Accidente de Trabajo - Iniciar-			
		(5)	(4) (1) (2) (3)
		Trabajador	Empresa Lugar Accidente Asistenciales Económicos Actores implicados

① Lugar do accidente

Os catro casos codificados nos PAT en Delt@ son os seguintes:

- No centro ou lugar de traballo habitual
- Noutro centro ou lugar de traballo
- En desprazamento na súa xornada laboral (en misión)
- Ao ir ou volver do traballo (in itinere)


Hai que coidar que os datos correspondentes ao lugar do accidente e ao centro de traballo sexan correctos, especialmente cando se fai o cambio na codificación do lugar do accidente.

No caso de que sexa accidente de tráfico, ademais hai que marcar o recadro correspondente.

Para facilitar a formalización deste apartado na **Guía para completar o PAT**, dispoñible en

<https://delta.mitramiss.gob.es/Delta2Web/info/documentacion.html>

disponse do diagrama de decisión seguinte:



(*) Excepción (Accidentes a bordo de medio de transporte): Se o medio de transporte se atopa dentro do recinto do centro de traballo a onde o traballador accidentado acudiu a prestar un servizo relacionado coa actividade do dito centro de traballo, tratarase ben de «Accidente en centro ou lugar de traballo habitual» ou «Accidente noutro centro de traballo».

(**) Excepción (Accidentes nun centro ou lugar de traballo): Se o traballador accidentado estaba no centro ou lugar de traballo por motivos alleos á prestación dun servizo relacionado coa actividade do antedito centro ou lugar de traballo, tratarase como «Accidente en desprazamento».



MELLORA DA CALIDADE DA INFORMACIÓN NOS PARTES DE ACCIDENTES DE TRABALLO

Edita: Issga - Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia - DLC 1318-2020



MELLORA DA CALIDADE DA INFORMACIÓN NOS PARTES DE ACCIDENTE DE TRABALLO

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

É fundamental ter claros os conceptos:

1.1 Centro de traballo

Unidade produtiva, con organización específica e que está dada de alta como tal ante a autoridade laboral.

1.2 Lugar de traballo

Son aqueles lugares onde se desenvolven traballos de forma habitual, é dicir, que se acode a eles con certa frecuencia ou con duración de varios días, semanas ou períodos de tempo superiores. Inclúe o centro de traballo e outros lugares que non teñen tal consideración, como campos de cultivo, nunha corta de árbores, marisqueando nunha praia, etc. Para efectos de Delt@, **exclúense** os medios de transporte, sexan cales sexan, e os centros e lugares de traballo no estranxeiro.

1.3 Noutro centro ou lugar de traballo

Lugar a onde o traballador acode para realizar un traballo ou prestar un servizo, sen ser o seu centro de traballo.

1.4 Accidente en desprazamento na xornada laboral

- Accidentes que ocorren fóra de centros ou lugares de traballo.
- No estranxeiro (salvo aqueles que sexan in itinere, cando van ou volven ao seu domicilio).
- A bordo de medios de transporte (salvo que o medio de transporte se atope no recinto do centro de traballo onde o traballador acode a prestar servizo).
- Aqueles que ocorren en centros ou lugares de traballo, cando a vítima acudía como cliente, é dicir, non a prestar un servizo nel.

1.5 Accidente in itinere

Accidente que se produce ao ir ou voltar do lugar de traballo.

Solicitud de colaboración para os accidentes dos traballadores autónomos:

No caso que un traballador autónomo sufra un accidente traballando e teña as continxencias profesionais cubertas, rógase a colaboración da súa xestoría para a súa comunicación no prazo máis curto posible, de xeito especial cando os accidentes sexan de graves consecuencias.

Parte de Accidente de Trabajo
-consulta-

2 4. - ACCIDENTE

Fecha del accidente (dd/mm/aaaa)
Fecha de Baja Médica (dd/mm/aaaa)
Día de la semana del Accidente
Hora del día del accidente (1 a 24)
Hora de trabajo (1ª, 2ª, etc)
Era su trabajo habitual
Marque si se ha realizado evaluación de riesgos sobre el puesto de trabajo en el que ha ocurrido el accidente
Descripción del accidente

Ampliación de la Descripción
(según normas de la OIT y EUROSAT)

¿En que tipo de lugar se encontraba la persona accidentada cuano se produjo el accidente?

¿Qué tipo de trabajo estaba realizando la persona accidentada o en qué proceso de trabajo participaba cuando se produjo el accidente?

¿Qué estaba haciendo concretamente la persona accidentada cuando se produjo el accidente?

¿Qué hecho anormal que se apartase del proceso habitual del trabajo, desencadenó el accidente?

¿Cómo se ha lesionado la persona accidentada?

Marque si el accidente ha afectado a más de un trabajador

Marque si hubo testigos
Nombre/s, Domicilio/s

2.a

(dd/mm/aaaa)*

(dd/mm/aaaa)*

Elija opción

Elija opción

☐ SI ☐ NO

☐ SI ☐ NO

2.b

2.c

Tipo de Lugar:

Elija opción

Tipo de Trabajo:

Elija opción

Actividad Física:

Elija opción

Agente material relacionado a la Actividad Física:

Desviación:

Elija opción

2.d

Agente material asociado a la Desviación:

Forma (contacto-modalidad de la lesión)

Elija opción

Texto del Aparato o Agente Material causante:

Código del Aparato o Agente Material causante:

☐ SI ☐ NO

☐ SI ☐ NO

En caso afirmativo, indíquese nombre/s, domicilio/s y teléfono/s

2 Accidente

Son frecuentes erros nos seguintes campos no sistema Delt@, polo que debe incidirse na súa mellora:

2.a Que as **horas** e as **datas** sexan coherentes coas que se indican nas altas. Nos accidentes in itinere, a codificación horaria coincidirá cos feitos descritos.

2.b Procurar que a **descripción do accidente** permita entender a secuencia de feitos que deron lugar ao sinistro.

2.c Ter en conta os exemplos da Guía para completar o PAT_Sistema Delt@ para os campos **Lugar, Tipo e Actividade Física**.

2.d En canto aos **Axentes materiais**, deben identificarse aqueles que son de especial interese pola súa maior sinistralidade: motoserra, tractor, radial, serra de corte, etc. Na Forma, os grupos 10-20 son para lesións de orixe non mecánico e os 30, 40, 50 e 60 de orixe mecánico.

3 Asistenciais

Na falta de criterio legal para a graduación da gravidade dos accidentes, corresponde ao personal médico da mutua facer a valoración.

En todas as estratexias de seguridade e saúde no traballo insístese en corrixir posibles e frecuentes infradeclaracións das lesións en moitos dos accidentes cualificados como leves.

4 Empresa

Deben cubrirse correctamente os datos identificativos da empresa: NIF, domicilio (provincia, municipio), nome, etc.

É de especial interese que se comprobe:

- Que o CNAE sexa o que corresponde
- Que a modalidade preventiva se axusta á que realmente adoptou a empresa.

5 Datos do traballador

En canto aos datos que identifican o traballador accidentado, hai que ter especial coidado nos referentes ao IPF e ao NAF, a data de nacemento e o sexo.

No suposto de traballadores autónomos, comprobar que o CNAE indicado na súa cotización coincida co anotado no apartado Empresa e que o CIF/NIF da empresa coincida co IPF do traballador (agás cooperativas).